

# Normas da biblioteca

## Que se pode facer na biblioteca?

- Podemos ler libros ou revistas,
- estudar,
- fazer deberes,
- desenvolver traballos manuais (de forma individual ou en grupo),
- consultar calquera obra exposta na sala,
- buscar información nos ordenadores,
- levar en préstamo calquera obra dos fondos (libros, DVD, xogos),
- asistir a conferencias,
- participar nas actividades propostas polo centro,
- participar nos xogos cooperativos permitidos (\*),
- socializar cos compañeiros/as...

(\*) Lembra: NON están permitidos os naipes, os dados ou calquera outro xogo de azar deste tipo.

## Como nos debemos comportar na biblioteca?

- En primeiro lugar, débese coidar o material e o mobiliario, coa fin de que nos dure e de que siga sendo un lugar agradable para estar e convivir.
- En segundo lugar, débese manter una conduta respetuosa cos demais e procurar non empregar un ton de voz excesivamente alto.
- Por outra banda, cando te vayas, deixa a cadeira colocada e a mesa limpa para a persoa que a poida usar a continuación.
- Para finalizar, non se pode comer nela e hai que tirar o lixo na papeleira, non deixalo na mesa nin no chan.

## Con respecto ao uso dos ordenadores,

- podes usalos para buscar en internet,
- para facer algúun traballo de clase,
- para entrar no teu correo académico ou na Aula Virtual,
- para enviar ou recibir algúun documento,
- ou para facer actividades co profesorado durante as clases.

(\*) Lembra: NON está permitido o uso do ordenador para actividades de carácter privado: chatear cos amigos, consultar as redes sociais, visitar páxinas improprias nun centro educativo, etc.

## Con respecto á orde dos libros nos estantes,

- é necesario que cando saques un libro do estante volvas colocalo exactamente onde estaba. Podes empregar para iso o marcador disposto para este fin ou preguntar ao encargado/a da biblioteca nese momento.

## Con respecto ao uso do móvil,

- debe estar sempre en silencio,
- podes usalo para escoitar música mentres estudas (con auriculares)
- e tamén podes empregalo puntualmente, sempre con supervisión dun profesor/a,
- pero NON queremos alumnado permanentemente conectado.

(\*) Lembra: "Disconnect to reconnect".